Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 26/03/2018 11:59:44.945

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Nos pasados días o comité de empresa da consellaría de Política Social na provincia de Pontevedra iniciou unha campaña de denuncia das deficiencias e falta de persoal no Centro de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra). O comezo desta campaña é resultado da falta de resposta por parte da consellaría a demandas formuladas desde 2015.

Entre outras, o comité formula as seguintes demandas para a mellora da atención asistencial na residencia:

- Mellora nos ascensores por seren insuficientes e non axeitados para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de tomas de osíxeno e aspiración nas habitacións, xa que hai residentes que pola súa inmovilidade reciben alimentación nos cuartos.
- Reformas nos pisos terceiro e cuarto para adaptalos ás persoas que os utilizan.
- Modificacións dos usos dos montacargas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 26/03/2018 11:59:44.945

- Melloras no servizo de cociña.
- Dotación do comedor con elementos de seguridade para as persoas usuarias.
- Modificación do acceso á cafetaría para as persoas que viven na residencia.
- Comedores e salas de estar en todas as plantas.
- Dotación de maquinaria necesaria en comedor, cociña, enfermaría e lavandaría.
- Finalización das obras no comedor do cuarto andar.

En materia de persoal, o comité demanda a ampliación do cadro de persoal coa contratación de dúas persoas para a enfermaría, cinco auxiliares de enfermaría e un/ha cociñeiro/a.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza as demandas do comité de empresa a respecto da residencia de maiores de Campolongo (Pontevedra)?
- Desde cando coñece a Consellaría de Política Social estas necesidades?
- Que medidas prevé adoptar o goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo comité de empresa?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 26/03/2018 11:59:44.945

-Prevé a Consellaría de Política Territorial incementar o cadro de persoal da residencia?

-En que prazos se van a realizar as melloras demandadas?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 11:58:19

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 11:58:24

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 11:58:25



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28478
Data envío: 26/03/2018 11:59:44.945

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 11:58:27

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 11:58:28

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 11:58:29

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Onte mesmo, a Corporación Municipal de A Lama aprobaba por unanimidade unha moción conxunta de rexeitamento á extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, que fundara altruistamente Manuel Barreiro Cavanelas, e de apoio á continuidade da mesma.

A decisión foi secundada pola veciñanza da parroquia de Covelo, representado pola Asociación de Veciños de Laxedo, quen impugnará a recente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os motivos desta impugnación son, evidentemente, velar polos intereses das persoas veciñas e pola preservación dun patrimonio que lle corresponde ao pobo, sendo conscientes tamén de que cómpre poñer os medios necesarios para facer rexurdir a fundación e rematar coa situación de abandono actual.

O complexo (duns 40000 metros cadrados) require dunha profunda rehabilitación, tendo como obxectivo destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental xuvenil.

Cando menos resulta curioso que o alcalde de A Lama, do Partido Popular e que goberna A Lama con maioría absoluta, semella que non tiña noticia algunha da orde da Xunta de Galicia nin de que o padroado da fundación acordara que os bens e dereitos resultantes da liquidación fosen destinados ao concello.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos polos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria decidiu ditar unha Orde de extinción da “Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo”, no concello de A Lama (Pontevedra)?
2. Por que non ten o Goberno galego a intención de rehabilitar o complexo para destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental dos veciños e veciñas da parroquia?
3. Cando comunicou o Goberno ao alcalde de A Lama o contido da orde? Cal foi a súa reposta?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/03/2018 12:23:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/03/2018 12:24:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/03/2018 12:24:09

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O luns 6 de febreiro publicábase non DOG ós 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia solanivora) , 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia solanivora)”, a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería de Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca.

O venres 20 de outubro publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

O domingo 25 de marzo coñecemos pola prensa que o concello de Muxía, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca (Tecia solanivora).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o motivo polo que a concello de Muxía, na provincia da Coruña, pasa a ser concello infestado pola existencia da praga (Tecia Solanivara)?
2. Dende cando é coñecedora a Consellería de Medio Rural de que o concello de Muxía esta infestado?
3. Existe o risco que aparezan máis concellos infestados? En caso afirmativo, cales?
4. En que data vai comezar, por parte da Consellería de Medio Rural, a retirada das patacas infestadas pola praga da pataca, no concello de Muxía?
5. Vendo que as medidas adoptadas pola Consellería de Medio Rural non foron eficaces, vai tomar outras medidas? En caso afirmativo, cales?
6. Foi tratado este tema na Comisión de seguimento da praga da pataca?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/03/2018 12:27:14

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/03/2018 12:27:20



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 26/03/2018 12:27:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 26/03/2018 17:15:23.023

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á reforma integral da PO-403.

A Xunta de Galiza ten previsto levar a cabo un proxecto de mellora parcial da estrada comarcal PO 403, un vial que ten moitos problemas de seguranza viaria e accesibilidade, especialmente en Angoares, desde a apertura da A-52 fai 20 anos. Cómpre ter en conta que se trata dunha estrada con unha intensidade media diaria de máis de 10.000 vehículos/día, que atravesa unha zona con unha elevada densidade residencial, clasificada como solo urbano e de núcleo nun treito moi significativo do percorrido.

O proxecto presentado polo goberno galego ten importantes carencias conceptuais e técnicas: non responde ás necesidades dos núcleos de Angoares e Moreira, non resolve os principais problemas do treito, non contempla a continuidade das beirarrúas, non resolve axeitadamente a conexión co viario municipal, non cumpre a normativa de accesibilidade, non prevé a mellora do alumeadado, etc.

Así mesmo, este proxecto tampouco resolve as necesidades do núcleo urbano de Ponteareas, que é atravesado pola PO-403. A Avenida Castelao, sendo a zona con maior densidade de poboación do núcleo urbano, carece a día de hoxe de beirarrúas en moitos dos seus tramos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 26/03/2018 17:15:23.023

Tanto a veciñanza como o goberno e a corporación municipal de Pontearreas consideran necesario introducir importantes melloras no proxecto, para que se realice unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da mobilidade peonil e da accesibilidade.

Asemade, cómpre que a Xunta de Galiza cumpra os seus compromisos e elabore o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado en 2015, para que posteriormente o Ministerio de Fomento execute o vial de conexión do centro urbano de Pontearreas co enlace da autovía en Moreira.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Por que o goberno galego non contou para nada co Concello de Pontearreas á hora de elaborar o proxecto de mellora da estrada PO-403?

-Ten previsto o goberno galego atender as demandas veciñais e do concello de Pontearreas a respecto da reforma da estrada PO 403?

-Teñen previsto atender as demandas da veciñanza e da Corporación Municipal de Pontearreas para dotar de beirarrúas os tramos urbanos da PO-403 na Avenida Castelao?

-Considera a Xunta de Galiza razónabeis as peticións de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na citada estrada?

-Ten previsto o goberno galego cumprir a normativa de accesibilidade nas beirarrúas e sendas previstas na reforma do vial?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 26/03/2018 17:15:23.023

-En que prazo prevé licitar o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado no 2015?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 17:13:03

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 17:13:08

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 17:13:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 17:13:11



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28506
Data envío: 26/03/2018 17:15:23.023

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 17:13:13

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 17:13:15

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En España, un total de 58 órganos xudiciais solicitaron, dende marzo de 2015, a intervención da “Unidade de Apoio para Causas por Corrupción” (UACC), unidade que existe para detectar e solucionar os problemas en órganos que se encargan de procedementos relacionados con delitos de defraudacións, insolvencias punibles, relativos á propiedade intelectual, corrupción, societarios, branqueo de capitais, contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, de prevaricación, suborno, tráfico de influencias ou malversación de caudais públicos, entre outros.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, Galicia foi unha das comunidades autónomas con menos peticións, en concreto, só houbo 1 en 3 anos. Estas peticións concrétanse en medidas como o nomeamento de maxistrados ou cadro de persoal funcional de reforzo e fanse para cubrir o grande volume das causas, a duración das sesións da vista oral e o tempo preciso para a redacción das sentenzas. Quizais, dada a escaseza de persoal xudicial en xeral e a cantidade a asuntos relativos á corrupción que aínda están sen resolver na nosa Comunidade Autónoma, fose preciso pedir algunha unidade máis.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é e opinión do Goberno da Xunta de Galicia sobre que en Galicia só houbese unha petición de intervención da “Unidade de Apoio para Causas por Corrupción” dende marzo de 2015 ata o día de hoxe?
2. Segundo os datos que se manexan respecto de delitos relacionados coa corrupción, entende o Goberno que serían necesarias máis?

 Grupo Parlamentario

3. Vai demandar o Goberno ao Goberno do Estado unha Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada para Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2018 09:44:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2018 09:44:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2018 09:44:26

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Xoaquín Fernández Leiceaga e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A actividade mineira debe de ser moi escrupulosa á hora de preservar o medio ambiente e minimizar os impactos ambientais da actividade. Lamentablemente non é a situación que arrastra a explotación de Cobre San Rafael. Estamos a falar dunha antiga mina de cobre entre os municipios de Touro e O Pino empregada agora como depósito para extraer material de construción, a expensas de obter os permisos necesarios para sacar de novo cobre.

Falamos dun xacemento que é zona mineira en uso desde o pasado século XIX. Estivo operativo como mina de cobre entre os anos 1973 e 1986. Estes anteriores episodios de minería metálica en Touro xa provocaron un problema ambiental de case imposible solución en augas superficiais e subterráneas que levan a que ríos como o Brandelos, Laña, Pucheiras, Felisa e Portapego teñan sufrido os seus efectos, o que levou xa ao Defensor del Pueblo no 2015 a reclamar á Xunta de Galicia unha actuación eficiente polo desastre ambiental xerado pola actividade extractiva.

O certo é que as actuacións da Xunta de Galicia nos labores de vixilancia e control teñen deixado moito que desexar, como veñen sinalando os veciños. Os socialistas consideramos que non se poden autorizar novas explotacións mineiras sobre terreos mineiros que continúan supoñendo importantes agresións medioambientais.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten realizado a Xunta de Galicia un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga explotación?
2. Cales teñen sido os plans de Control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga explotación?
3. Ten feito a Xunta de Galicia un estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas existentes neste ámbito?
4. Ten tomado a Xunta de Galicia algunha medida ante os proxectos de carácter municipal levados a cabo en zonas da anterior explotación mineira non recuperadas medioambientalmente?
5. De telas tomado, cales teñen sido estas medidas?
6. Ten a Xunta de Galicia deseñado e executado un plan de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Xoaquín Fernández Leiceaga
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2018 09:50:55

 [Grupo Parlamentario](#)

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2018 09:51:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 09:51:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2018 09:51:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Despois de anos de inactividade e aparente abandono do Polígono de Morás, e o vial que o atravesa Xunta de Galicia, a través de Xestur retoma as obras de acondicionamento cunha adxudicación realizada en abril de 2017 cun cronograma de 10 meses.

A día de hoxe, a estrada que discorre pola zona segue a ser un vial provisional con abruptos desvíos, badenes que fan bater os coches, inmensas fochancas, curvas imposibles, sinalización insuficiente, iluminación nula e, en definitiva, unha vía de comunicación moi utilizada pola cidadanía e que supón un risco máis que evidente para a circulación e a vida das persoas. Máxime si engadimos os temporais destes días que diminúen a visibilidade, incrementan o estado esvaradío do “firme”, máxime tendo en conta toda a lama espallada polos camiós de obra que circulan por ela.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa este vial provisional?
2. Que consecuencias cre o Goberno galego que pode ter para os veciños e veciñas do Concello de Arteixo o estado intransitable no que se atopa este vial?
3. Ten previsto o Goberno galego colaborar co Concello de Arteixo para o arranxo inmediato da estrada que atravesa o Polígono de Morás, así como a súa sinalización e iluminación que minimicen os riscos para as persoas usuarias das mesmas?

 Grupo Parlamentario

4. Púxose en contacto a Xunta de Galicia co Concello de Arteixo para que esixa da empresa concesionaria das obras para tomar as medidas de seguridade en canto á entrada e saída dos camións de obra, limpeza da estrada?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2018 10:01:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2018 10:01:45

María Luisa Pierres López na data 28/03/2018 10:01:47

Raúl Fernández Fernández na data 28/03/2018 10:01:52

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Ante as noticias públicas da existencia dunha moratoria municipal para a vivenda turística no casco histórico de Santiago de Compostela, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É posible inscribir novas vivendas turísticas no Rexistro da Xunta de Galicia se están situadas no casco histórico de Santiago de Compostela de cumpriren os requisitos?
2. A inscrición, é condición suficiente para a oferta das vivendas turísticas polos seus propietarios?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 10:35:23

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2018 10:35:30

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Segundo a OMS, as matronas desenvolven un papel fundamental en relación á saúde das mulleres, non só na atención durante a xestación ou o parto, si non tamén en todas as etapas da vida sexual e reprodutiva da muller.

Con todo, pese as recomendacións de ratios por parte da OMS, estas seguen a ser inadecuadas tanto na atención primaria como especializada por parte do Servizo Galego de Saúde, que ten deseñado un Plan Integral de Saúde da Muller que resulta imposible levar a cabo de xeito equitativo en todo o territorio, xa que se produce una iniquidade asistencial en función da zona onde se resida. Neste sentido, Ourense é o sitio máis castigado principalmente e de xeito alarmante na Atención Primaria, onde soamente existen 8 matronas para toda a provincia de Ourense, que conta cunha poboación de 160.453 mulleres.

A Asociación Galega de Matronas denuncia a absoluta precariedade, especialmente na zona de Ourense, onde resulta totalmente imposible levar a cabo o Plan Integral de saúde da muller.

Esta situación, non ten moitas trazas de mellorar, tendo en conta que para a seguinte OPE non están previstas prazas de matronas e as actuais están sendo amortizadas en lugar de ser cubertas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:



- Ten pensado o Goberno cubrir as baixas e xubilacións das matronas?
- Que ten pensado facer o Goberno para dar solución a falta absoluta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria?
- Considera o Goberno que se está a dar unha atención equitativa tendo en conta as diferencias de ratios nas provincias?
- Considera o Goberno que con estes datos poden estar dando cumprimento ao Plan Integral de Saúde da Muller en Galicia?
- Por que non cumpre o Servizo Galego de Saúde coas recomendacións da OMS en canto ao número de matronas?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:40:39

Á MESA PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Xa temos trasladado por medio de diferentes iniciativas parlamentarias e preguntas urxentes, as denuncias realizadas tanto por doentes como por profesionais das urxencias do CHUS, sobre a situación de descontrol e abandono nas urxencias, debida á falta de medios materiais e humanos que poidan facer fronte á demanda, cunha asistencia sanitaria de calidade.

Pese ás reunión mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, por exemplo, en relación a actualización do servizo de raios.

Por outra banda, o Conselleiro de Sanidade, no pleno celebrado o 21 de marzo, negaba esta situación diante dos profesionais e polo tanto, amosaba a nula vontade política de levar a cabo accións que mellorasen as condicións que están a vivirse.

Tendo en conta todos estes feitos, esta semana a fiscalía denunciaba á Xunta de Galicia por un presunto delito de homicidio imprudente, que puxo en coñecemento da mesma o sindicato CESM-OMEGA polo falecemento dunha muller nos corredores das urxencias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:



- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a denuncia da fiscalía?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:13:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Vimos de ter coñecemento da “fichaxe”, por parte do Ministerio de sanidade, da actual Subdirectora Xeral de Farmacia, Carolina González-Criado.

Esta persoa, leva dous anos imputada por presuntos delitos, entre os que se atopan o de prevaricación e homicidio imprudente, polas súas actuacións nos procesos que retrasaron os tratamentos de enfermos de hepatitis C e que actualmente están sendo instruídos no xulgado número 3 de Santiago.

Tal circunstancia, provoca unha situación totalmente vergoñenta e de enorme gravidade, cando non só non foi cesada, igual que tampouco o foi o actual xerente da EOXI de Vigo Félix Ruibal, tamén imputado no mesmo procedemento, si non que vai a ser promovida a un cargo de aínda máis responsabilidade, pese a que seguramente sexa aberto xuízo oral polos feitos anteriormente citados.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o posible nomeamento de Carolina González- Criado?
- Que información remitiu ao Ministerio de Sanidade a Consellería de Sanidade sobre a situación xudicial de imputada desta persoal?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández



Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:14:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Dentro das modificacións orzamentarias do mes de decembro de 2017, coa referencia TR-14-032-17, aparece unha modificación de crédito da Consellería do Mar de 400.665 €.

Estamos ante unha cifra considerable para unha das consellerías con menor peso orzamentario da Xunta. Na mesma explicase que ten por obxecto atender ao cumprimento dunha sentenza xudicial.

Cos datos que aparecen no documento é imposible coñecer os motivos polos que a Consellería se ve obrigada a facer este desembolso que tería servido para moitas actividades das necesarias no sector do mar.

Polo exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo exacto e o contido da sentenza que obriga á Consellería do Mar a pagar máis de 400.000€?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/03/2018 12:44:33

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/03/2018 12:44:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:54
Nº Rexistro: 28582
Data envío: 28/03/2018 12:54:02.400

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballes continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impunidade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do rexime do 78. Constitúen unha vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.

O pasado luns 26 de marzo o BOE publicaba a solitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:54
Nº Rexistro: 28582
Data envío: 28/03/2018 12:54:02.400

A xuízo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está de acordo o goberno galego coa concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e coa renovación dos citados privilexios?

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para rematar con este atentado aos valores democráticos e con esta ofensa á memoria das vítimas da Ditadura?

Considera necesario demandar ao goberno do Estado a anulación de todos os títulos nobiliarios que honran a nomes relacionados coa represión franquista?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:54
Nº Rexistro: 28582
Data envío: 28/03/2018 12:54:02.400

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2018 12:47:54

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2018 12:48:00

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2018 12:48:02

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/03/2018 12:48:03

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2018 12:48:05

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2018 12:48:08

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 20 de marzo de 2018 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria visitaba o concello de Teo (A Coruña) e anunciaba obras por un importe de 630.000 € dos que a maior parte, segundo a páxina web da propia consellería, se investirán na mellora enerxética (rehabilitación enerxética e funcional) do CEIP A Ramallosa, cun investimento de preto de medio millón de euros.

Non podemos esquecer que este colexio foi centro dunha polémica no mes de xaneiro relacionado coa temperatura das aulas; así, podemos ler en La Voz de Galicia do día 18 de xaneiro que *“tal es el grado de humedad en el aula de los más pequeños que un deshumidificador de 20 litros funciona sin descanso durante las 24 horas del día como única solución, por ahora, para combatir una situación que afecta a todas las clases de la fachada del ala norte, y que en el caso de la clase de infantil alcanza niveles muy preocupantes para los padres. Aunque la calefacción funciona en todo el centro y también en la clase de 3 años, el calor que desprenden los radiadores no basta para que los niños estén cómodos en el colegio.”*

Unha vez comprobamos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria só actúa cando os problemas acadan coñecemento público pese a ser coñecedora dos problemas existentes nos centros e, aínda así, o fai sen establecer con claridade nin prazos nin actuacións.

Estas inversións que agora se anuncian no concello de Teo non veñen a resolver, obviamente, as demandas que as distintas comunidades educativas veñen trasladando e que deron lugar á presentación dunha moción no propio Concello de Teo o día 19 de xaneiro de 2018

 Grupo Parlamentario

reclamando a solución dos problemas existentes en todos os centros educativos do Concello de Teo dependentes da consellería.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que prazos de execución se manexan para reforma integral do CEIP da Ramallosa? Vaise proceder á retirada de amianto durante a execución desas obras?
2. Inclúense nas obras previstas no CEIP da Ramallosa a instalación dun ascensor, a retirada depósito gasóleo baixo a aula de infantil ou a mellora instalacións deportivas?
3. Que obras e prazos se manexan para o resto dos centros do concello de Teo?
4. Ante a inexistencia de inversións nos últimos anos no CRA de Teo está a valorar a consellería o seu peche?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2018 12:55:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 12:55:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2018 12:55:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25241**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación coas demandas do persoal de limpeza e mantemento da empresa Ferrovial que está a prestar servizos no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, referidas á súa situación laboral”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 15.03.2018- polo xerente do Sergas ao darlle resposta á pregunta 26701 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28496
Data envío: 26/03/2018 14:23:19.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 14:22:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fase na que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción do centro de saúde do Saviñao está nestes momentos pendente de entrega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28497
Data envío: 26/03/2018 14:23:34.761

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 14:23:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5787**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa xuntanza levada a cabo polo presidente de Portos de Galicia cos grupos políticos, profesionais e sociais de Redondela para abordar a problemática do porto de Cesantes, e os novos pasos que se van dar para ese fin”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- polo presidente do ente público Portos de Galica ao darlle resposta á pregunta 12793 sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos deputados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9b21eb49-1918-aed8-4060-4b63496399f6

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28498
Data envío: 26/03/2018 14:23:45.793

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/03/2018 14:23:41

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727